



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 23 de setembro de 2025, tomou o seguinte acordo en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/3006

Categoría: Axudante doutor

Área de coñecemento: Didáctica da Expresión Corporal

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Centro: Facultade de Educación

Tras analizar toda a documentación da praza 25/3006, as reclamacións presentadas por D. Miguel Lorenzo Martínez e D.^a Yolanda Escalante González, e a resposta dada pola Comisión de selección á Resolución da Comisión de reclamacións de 5 de setembro de 2025 (publicada no TEO o día 11/9/2025), a Comisión de reclamacións constata:

- que a Comisión de selección aplicou dous coeficientes de ponderación aos méritos da sección III.1 Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro) contemplados no anexo I (Baremo para a selección de profesorado axudante doutor, substituto e asociado) da *Normativa pola que se regula o procedemento para a selección do persoal docente e investigador* (aprobada polo Consello de goberno o 7/11/2024), un por número de autores/as e, no caso das revistas, outro pola posición da revista nas bases de datos
- que a citada Normativa establece que "Nas publicacións científicas poderase aplicarse un coeficiente multiplicador de entre 0,25 e 1 que poderá ter en conta o número de autores e a posición do/a autor/a na publicación e, no caso das revistas, a súa posición nas bases de datos", por tanto, só pode aplicarse un único coeficiente de ponderación
- que os criterios específicos establecidos pola propia Comisión de selección (publicados no TEO o 14/5/2025) para a sección III.1 establecen un único factor multiplicador, en función do número de autores/as das publicacións

Por todo anterior, a Comisión de reclamacións ACORDA:

1. Requerir á Comisión de selección que se limite a aplicar ás publicacións científicas incluídas na sección III.1 do Baremo para a selección do profesorado axudante doutor, substituto e asociado un único coeficiente de ponderación, en concreto, o único que figura nos criterios publicados pola propia Comisión de selección, que ten en conta o número de autores/as.
2. Dar á Comisión de selección un prazo de 3 días a partir da publicación da presente resolución no TEO para que cumpra co indicado no punto 1.
3. Facer público este acordo.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado
Teresa López Fernández